



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: Nomear 4 postos de peóns durante 5,5 meses para o Programa PEL-CONCELLOS 2022 da Deputación Provincial da Coruña.

Núm. Admvo. Expte.: 2022/E001/000001

Expte. Decreto Núm.: 2022/G003/000186

Mediante resolución de Alcaldía núm. 153/2022, de data 17/03/2022 aprobáronse as bases e a convocatoria de selección para a contratación laboral de 4 postos de peóns durante 5,5 meses, do Programa PEL-CONCELLOS 2022 da Deputación da Coruña.

Por resolución de Alcaldía núm. 167/2022, de data 23/03/2022 aprobouse a lista definitiva de persoas aspirantes admitidos/as e excluídos/a á mencionada convocatoria e convocábase aos aspirantes para a realización das probas para o día 24/03/2022, ás 10:00 h.

Vista a acta de selección do tribunal reunido do día 24/03/2022 que avaliou os méritos que acreditaron as persoas aspirantes presentadas ao concurso-oposición para a provisión como persoal laboral temporal de 4 postos de peóns do Concello de Laxe, programa PEL-CONCELLOS 2022, na que propón ao sr. Alcalde designar a Juan Méndez Ramos, Antonio Álvarez Valiña, M^a Luz Castro Rodríguez e Carmen Estrella Gómez Blanco como peóns deste Concello de Laxe, Programa PEL-CONCELLOS 2022.

Unha vez comprobada a documentación presentada polas persoas aspirantes Antonio Álvarez Valiña, M^a Luz Castro Rodríguez e Carmen Estrella Gómez Blanco establecida na base duodécima das bases de selección,

Esta Alcaldía, en virtude do disposto no art. 21.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora da Lei de Bases de Réxime Local, esta Alcaldía

RESOLVE:

Primeiro. Nomear a Juan Méndez Ramos, Antonio Álvarez Valiña, M^a Luz Castro Rodríguez e Carmen Estrella Gómez Blanco como peóns do Programa PEL-CONCELLOS 2022 da Deputación Provincial da Coruña, dende o 29/03/2022 e ata o 12/09/2022, ámbolos dous incluídos, a xornada completa e baixo a modalidade de contrato de obra e servizo determinado.

Segundo. De acordo coa base 10.4 das bases de selección esta resolución publicarase no Taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web do concello (www.concellodelaxe.com) e substituirá ás notificacións individuais aos/as interesados/as, conforme ao disposto no art. 45 da Lei 39/2015.

Terceiro. Dar traslado ao Departamento de Contabilidade.

Mándao e asínao, en Laxe, na data da sinatura incluída á marxe, o 1^o tenente de alcalde, don Francisco Charlín Oróns, en substitución legal, en virtude do artigo 47 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e o artigo 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, de don José Luis Pérez Añón, alcalde do Concello de Laxe.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

O primeiro tenente de alcalde,
Asdo. Francisco Charlín Oróns

A secretaria-interventora,
Asdo. Begoña Carrasco García